

Cooperativismo e Economía Social, nº 33 (2010-2011), pp. 207-208

NOVIDADES NO IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

Dra. Carmen RUIZ HIDALGO
*Profesora Titular de Dereito Financeiro e
Tributario da Universidade de Vigo*

1.- Novidades na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2011.

A Lei 39/2010 de 22 de decembro aprobou os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011. Neles, o lexislador contempla unha serie de modificacións tributarias. É certo que o Tribunal Constitucional foi precisando o contido posible da lei anual de Orzamentos Xerais do Estado, no que ademais de ter un contido necesario, caben outros contidos eventuais. Estes están estritamente limitados ás materias ou cuestións que garden directamente relación coas previsións de ingresos, as habilitacións de gastos ou os criterios de política económica xeneral, que sexan complemento necesario para a máis fácil interpretación e máis eficaz xestión dos Orzamentos Xerais do Estado e da política económica do Goberno. Neste senso, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2011 incorpora diversas medidas, ademais das que habitualmente recolle esta norma, que constitúen un exemplo do papel que a política fiscal pode e debe desempeñar nun contexto económico de crise, como o que estamos padecendo.

Entre outras medidas que afectan ás principais figuras do sistema tributario, atópase o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, onde se procede a actualizar a escala que grava a transmisión e rehabilitación de Grandezas e Títulos Nobiliarios ao 1%.

ESCALA	Transmisións Directas Euros	Transmisións Transversais Euros	Rehabilitacións e recoñecemento de títulos estranxeiros Euros
1º Por cada título de grandeza	2.594	6.502	15.589
2º Por cada grandeza sen título	1.854	4.649	11.129
3º Por cada título sen grandeza	739	1.854	4.461

2.- Novidades no Real Decreto-Lei 13/2010, de 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

Este Real Decreto regula unha serie de medidas de natureza tributaria que afectan ao Imposto sobre Sociedades, en concreto ao réxime fiscal aplicable ás Empresas de Reducida Dimensión, e ao Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Neste último caso, exonérase de gravame pola modalidade de operacións societarias de todas as operacións dirixidas á creación -constitución-, capitalización -aumento de capital- e mantemento das empresas -achegas que efectúen os socios que non supoñan aumento-, ao entenderse que na actual conxuntura económica resulta conveniente suprimir os obstáculos que dificulten o logro de tales fins. Tamén está exento o traslado a España da sede de dirección efectiva ou do domicilio social dunha sociedade, cando nin unha nin outro estivesen previamente situados nun Estado Membro da Unión Europea.